

O TEU BUZÓN

AS CARTAS (DENÚNCIAS, OPINIÓNS, CRÍTICAS, PROPOSTAS DE ACCIÓN...)

DEVERÁN REMITIR-SE CORRECTAMENTE IDENTIFICADAS CON NOME, APELIDOS E D.I. AO ENDEZEZO DA REVISTA. (CERNA CONSIDERA-SE LIVRE PARA CORTAR OU RESUMIR AQUELAS QUE SE ESCEDAN DE 30 LIÑAS MECANOGRAFADAS)

MINICENTRAIS NO CAUREL

As augas do río nacen terras arriba da Seara, fermosísima aldea, rodeada de cortiñas e prados, leiras doadas de traballar, onde as montañas se erguen orgullosas abrazando unha extensa e garimosa veiga: A Seara, terra de labor, para plantar froito, centeo, trigo, para sementar e colleitar...

As augas do río Seara baixan por entre as montañas do Courel ceibando os sons puros e bravos da Serra, baixan dos "tesos cumes" que soñou Novoneira, carrexando feixes de cantigas de namorar, gabelas de outonos, invernos, veráns e primaveras, sempre percorrendo a luída pel do seu leito de séculos...

O río nace terras arriba da Seara, cruza a ponte romana da aldea e precipítase gozoso e cantareiro camiño de Vieiros, regando ao seu paso os prados abondosos de fartura para as vacas, recibindo no verán un sol que fertiliza as hortas e tamén, aí, o noso corazón.

O río pasa pola humilde aldeña de Vieiros, onde xa só vive o Antonio de Carreira, home falanguero e alegre, cun sentido do humor prodixioso, verdadeiro tesouro de enxebreza e sabiduría.

Antonio de Carreira, abondoso e desbordante como as enchentes do río en inverno, vai andando a Ferramulín para botar unha partida de cartas na cantina de Fina.

As festas de Vieiros, cando había mocidade, eran o 25 de Xullo e o patio dos bolos, ese xogo autóctono tan interesante, estaba cheo de xente. A orquestra tocaba nas airas á tardiña. As risas, os bailes, as cancións da festa de Vieiros. Aínda perdura a lembranza, ese balcón aberto ao vasto silencio da Serra, agora sempre senlleiro agardando ...

En Vieiros conservase un muíño "intelixente". Para de moer cando se lle acaba a gra: é a arte e o saber vivo dos devanceiros.

Camiños, sendas da memoria que queren ser semente de amor e de futuro.

O río segue o seu camiño como fixo desde sempre, contento o seu ímpetu nas chapacuñas: presas de pedra que desvían o seu caudal fecundo para os

prados, legado daqueles labregos bos e xenerosos que viviron e viven aínda nestas terras duras do Courel. O río flúe, choutando as pedras e furando nas penas con paciencia de séculos.

¡ Río Seara, Río Vieiros, Río Lor, Río Lóuzara, Río Selmo, ríos e regatos, fontes, Ríos do Courel !

Lembramos os versos do bardo Novoneira:

Terra moura das montañas!
boa terra que dá auga
e teis auga nas entrañas!

Augas todas da vida, augas que veñen do fondal dos séculos, da memoria da terra que enaltece de arelas e soños o noso espíreto, Ríos do Courel, Ríos da Galiza, o noso país dos mil ríos, das mil primaveras para a nosa fala que soñara cunheiro!

O Courel ten que ser terra libre de minicentraís hidroeléctricas que chuchan a seiva das nosas augas libres, e sorben o espírito dos nosos pequenos ríos limpos, que xa quedan poucos neste planeta cada vez máis deteriorado.

O Courel ten que ser terra galega libre onde reine tan só o silencio antergo dos tesos e da serra inmensa, lonxe, moi lonxe da mortífera maquinaria dunha civilización depredadora e entolecida.

O río Vieiros flue indiferente aos voraces ollos capitalistas que pretenden engaiolar o seu canto libre e puro e en chegando á pincheira do Reconco debrócase para abaixo e verte toda a súa forza nunha fervenza de paixón incontenibel.

Caen as augas e rebentan en innúmeros estralos transparentes, para acougar despois nun sosegado remanso, delicioso frescor para o baño no verán.

Caen as augas e a terra toda canta
Cantan os prados, cantan os montes,
cantan os carballos e castiñeiros.

Utopía ?

Non, é o bosque antigo que nos chama con alborozo de gaitas e aturuxos poderosos, á terra forte e brava do Courel.

Vicente Reboleiro
Ferramulín do Courel

TRD

Nun primeiro momento foi o Tren do Retraso Diário, a pesar de ter absoluta prioridade sobre os demais trens "rexionais" da liña Coruña-Vigo, iso non significava que o TRD fose puntual, senon que os retrasos nos demais estaban garantizados e atinxían as horas.

Este empeoramento do servizo debeu-se por un lado á manía de RENFE de dar-lle prioridade absoluta ao TRD (o tren mimado), sen ter en conta que os usuarios habituais de RENFE utilizamos calquera dos trens, condicionados mais polos horarios que pola ansia de calidade, que dvidosamente oferta o TRD (maiores ruidos, menos estabilidade...), e por outro lado ao único positivo dos cambios de setembro: o incremento do número de servizos, é dicir, da frecuencia, o que fixo imposible organizar con garantía a circulación dos trens cruzando-se inúmeras veces nun traxecto de vía única.

A propia RENFE comezou a recoñecer-lo nas constatacións ás reclamacións dos usuarios, cousa que antes non facía. Segundo RENFE, este tipo de retrasos son fruto de multitude de circunstancias e das condicións intrínsecas que conleva o tráfico ferroviario en traxectos de vía única. Recoñece ademais que a liña Coruña-Vigo está un tanto saturada.

Cumprir ademais que a redución de tempos de percorrido nos TRD resultou inapreciável mentres se incrementaron os tempos nos restantes tres, tendo como resultado unha maior duración promédio das viaxes, co inconveniente da maior tarifa do TRD e a única vantaxe xa comentada do incremento na frecuencia. Os usuarios de RENFE, que sen dúbida poderíamos ser non o dobre ou o triple, senon moitos máis, esperamos aínda que RENFE poda cumprir as súas promesas, o que só será realidade coa construción da dobre vía e a electrificación. Sabemos tamén que isto non depende de RENFE, senon do Ministerio de Fomento, titular das infraestructuras, e quizá de que a Xunta de Galicia faga algo mais que enviar o seu presidente a inauguración do TRD.

Manuel Castiñeiras
Compostela.